

## ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

### ÁMBITO

Localidade	<b>DODRO-PADRÓN</b>
Comarca	<b>COMPOSTELA</b>
Lugar de realización	<b>CENTRO SOCIOCULTURAL DA PAXAREIRA (DODRO)</b>

### ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	<b>18 PERSOAS</b>
---	-------------------

### DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

*Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso*

A nivel local	<b>BENITO PÉREZ SANTIAGO</b>
Representante do Consello Nacional	<b>RUBÉN CELA DÍAZ</b>

### NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	<b>2 HORAS (APROXIMADAMENTE)</b>
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	<b>CLÁSICA. SENTAD@S DE ARREDOR DUNHA MESA NO CENTRO SOCIO CULTURAL.</b>

### VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

*Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.*

**Xuntanza con moito debate e participación. Das 18 persoas participantes interviron activamente nos debates plantexados dez. Bo ambiente, cordialidade e bo debate.**

### PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posíbeis):

Con carácter xeral:

### PROPOSTAS PARA O DEBATE

- Que ninguén desde fóra da organización nos marque os pasos a dar neste proceso nin na definición do futuro do nacionalismo. Son decisións que debemos debatir nós e decidir nós, sen interferencias alleas.
- Resulta difícil entender cal é o elemento diferencial do Proceso Adiante respecto doutros procesos anteriores vividos no seo do BNG. Posibelmente non estexa suficientemente ben explicado.
- En xeral somos moi autocríticos. Iso é bo, pero ás veces, sómolo en exceso. "Autocrítica si; harakiri non".

### Radiografía da Galiza de hoxe

- Debemos analizar mellor os cambios que teñen acontecido nos últimos anos, que teñen sido moitos e profundos en temas esenciais como a demografía, as condicións sociolaborais da sociedade galega, na importancia relativa e absoluta dos que até o de agora foran os nosos sectores produtivos básicos, no ámbito lingüístico, etc.
- O BNG debe traballar máis e mellor no ámbito da defensa do galego.

### Estratexia política do nacionalismo galego

- No futuro deberíamos racionalizar máis en que conflitos nos implicamos. O BNG tivo unha implicación moi forte en conflitos como os das preferentes ou os emigrantes retornados que tiveron un retorno moi relativo con respecto ao tempo e esforzo que empregamos nos mesmos. Iso non quere dicir que non haxa que estar. O BNG ten que estar en todos os conflitos sociais que haxa en Galiza con independencia de que sexan máis ou menos numerosos, poren o que teremos é que dosificar as nosas forzas implicándonos máis en aqueles conflitos que poden ter unha maior renabilidade en termos políticos e organizativos para o nacionalismo.
- Debemos ser máis eficientes. Moitas veces traballamos moito. Pero en demasiados casos "*traballamos para o inglés*". Ás veces funcionamos máis coma unha ONG ca como unha organización política.
- Necesidade de ter un discurso en positivo. Quen vai de vitimista non pode xogar a gañar. Temos que ter un discurso ilusionante. Non á defensiva senon á ofensiva. Só creando ilusión seremos capaces de sumar novos apoios.
- Precisamos de mensaxes máis claras, coherentes e estábeis no tempo. Nos últimos anos temos dado moitos bandazos que teñen provocado non pouca confusión, dentro e fóra do BNG.
- Temos un problema de convicción a respecto das nosas propias propostas. Unha parte da nosa militancia non acredita en cuestións que defende o BNG (a viabilidade económica e política dunha Galiza soberana, por exemplo). Si non acreditas nalgo e

### PROPOSTAS PARA O DEBATE

moi difícil defendelo socailmente con convicción.

- O BNG ten un discurso excesivamente dirixido ao rural e hoxe a inmensa maioría do país vive no litoral e especialmente en ámbitos urbanos.
- Non "vendemos" o suficiente que somos unha organización de esquerdas. Demostrámolo coa nosa práctica pero non o vendemos o suficiente.

### Participación política e modelo organizativo

- Houbo bastante debate a respecto o modelo organizativo que debера seguir o BNG no futuro. Por unha banda, había persoas que entendían que o máis razoábel sería convertenos nun partido político único, e por outra banda, outras persoas defendían a validez do modelo frentista actual ou outro similar. Por parte das persoas que defenderon que sigan a existir partidos e colectivos organizados dentro do BNG, entenden que o seu funcionamento debера estar máis transparentado para o conxunto da militancia e que todos deberan remar nunha mesma dirección: fortalecer o proxecto político do BNG.

- No que existiu unanimidade é a respecto da necesidade de preservar a marca "Bloque Nacionalista Galego" pase o que pase e con independencia de que se poida revisar o noso modelo organizativo e de funcionamento. Enténdese que se desaparece a marca BNG desaparecería a referencia histórica na época contemporánea do nacionalismo galego.

- No BNG houbo moitos problemas de egos. Unha das claves do futuro será saber antepor os intereses colectivos do conxunto da organización aos individuais. Outro dos problemas recurrentes é o da deslealdade coa organización.

- Nas pasadas Eleccións Xerais a marca electoral de Nós-Candidatura Galega creou confusión. Non se debера cometer o mesmo erro no futuro.

- No futuro, a dirección nacional do BNG debера ter unha maior presenza física no territorio. É moi importante que as e os referentes orgánicos e institucionais do BNG teñan a maior visibilidade posíbel nas localidades.

- Sería fundamental que cara o futuro non trascenderan cara fóra tanto como no pasado as nosas diferenzas internas. Temos que ter ámbitos de confianza onde poidas falar sen medo e abertamente sabendo que o que digamos vai ter unha traslación posterior aos medios de comunicación que amplificaran esas diferenzas trasladando unha imaxe distorsionada do BNG, que en moitas ocasións nós mesmos axudamos activamente a construír.